

**1ª PROBA FASE OPOSICIÓN PROCESO SELECTIVO TÉCNICO/A NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA**

NOME E APELIDOS:

D.N.I.

**CUESTIONARIO TIPO TEST DE 30 PREGUNTAS SOBRE A PARTE XERAL DO
PROGRAMA**

1.- Indique cal dos seguintes órganos ostenta a xefatura de persoal dun concello cunha poboación de 7600 habitantes:

- a) O Pleno
- b) A Xunta de Goberno Local
- c) O Alcalde**

2.- Sinale cal é a unidade administrativa encargada da darlle entrada e saída aos documentos nun concello:

- a) O Rexistro Xeral de Documentos**
- b) A Oficina de Atención ao Cidadán
- c) A Oficina de Participación Cidadá

3.- Cal dos seguintes órganos non é de existencia preceptiva nun concello de 3000 habitantes:

- a) O Pleno
- b) A Xunta de Goberno Local**
- c) O Alcalde

4.- Que funcionario ostenta a función de fe pública nun concello:

- a) O Tesoureiro
- b) O Secretario**
- c) O Oficial Maior

5.- Indique cal é o carácter normativo dunha ordenanza municipal:

- a) Lexislativo

b) Regulamentario

c) Constitucional

6.- Cal dos seguintes órganos ten potestade para ditar actos que poñen fin á vía administrativa a nivel municipal:

a) O Pleno

b) O Alcalde

c) As dúas anteriores son correctas

6.- Cal é o rexistro no que se inscriben os veciños do municipio que residen nel:

a) O censo electoral

b) O padrón de habitantes

c) A bolsa de emprego

7.- Os bens das entidades locais clasifícanse en:

a) Bens demaniais e patrimoniais

b) Bens de servizo público e de uso público

c) Bens de propios e de alleos

8.- Indique cal dos seguintes órganos non ten carácter colexiado:

a) O Pleno

b) As comisións informativas

c) O Alcalde

9.- As Cortes Xerais están formadas por:

a) O parlamento

b) O Congreso e o Senado

c) O Consello de Estado e o Tribunal de Contas

10.- Que artigo da Constitución garante a autonomía municipal?

a) O artigo 9.3

b) O artigo 14

c) O artigo 140

11.- O goberno provincial está encomendado a:

a) Deputacións

b) Mancomunidades

c) Consorcios

12.- No seo dun procedemento administrativo tramitado pola Xerencia Rexional do Catastro en Galicia, ¿pode un cidadán dirixirse a ela en galego?

a) Si, ao abeiro do disposto no artigo 36 da Lei 30/1992.

b) Non, debe dirixirse en castelán.

c) Ningunha das anteriores é correcta.

13.- Que artigo da Lei 30/1992 regula os rexistros:

a) O artigo 31

b) Ningún

c) O artigo 38

14.- Cando a administración non sinala que carácter teñen os días, debe entenderse que son:

a) Naturais

b) Festivos

c) Hábiles

15.- O artigo 54 da Lei 30/1992 establece a obriga de motivar os actos administrativos nos seguintes casos:

a) Cando limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos

b) Sempre

c) Cando os dite o alcalde

16.- En que prazo debe notificarse un acto administrativo?

- a) O mesmo día no que se dita
- b) En cinco días dende que se anota a saída no Rexistro
- c) En dez días dende que se dita**

17.- Os procedementos administrativos poden iniciarse:

- a) Sempre de oficio
- b) De oficio ou por solicitude do interesado**
- c) Por denuncia sempre

18.- En que prazo deben emitirse os informes en fase de instrucción dun procedemento?

- a) Dez días hábiles**
- b) De xeito inmediato
- c) Dez días naturais

19.- Como regra xeral, os acordos municipais adóptanse por:

- a) Unanimidade
- b) Maioría simple**
- c) Maioría de dous terzos

20.- Nun municipio coma Vimianzo, os plenos deben celebrarse como mínimo coa seguinte periodicidade:

- a) Cada quince días
- b) Cada dous meses**
- c) Cada mes

21.- O documento no que se recolle o acontecido nas sesións dos órganos colexiados municipais denomínase:

- a) Edicto
- b) Acta**
- c) Resolución

22.- A que órgano municipal lle corresponde a competencia para a aprobación inicial dunha ordenanza?

a) Ao Pleno

b) Ao Alcalde

c) Ás comisións informativas

23.- Indique que situación é incompatible con ser membro dunha corporación municipal?

a) Ser funcionario dese mesmo concello

b) Ser deputado provincial

c) Ser profesional liberal

24.- O réxime de responsabilidade patrimonial dun concello opera nos seguintes casos:

a) Como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades e funcionarios

b) Como consecuencia dun anormal funcionamento dos servizos públicos

c) Como consecuencia dunha actuación ilegal das súas autoridades e funcionarios

25.- Que recursos en vía administrativa caben contra un decreto do alcalde que pon fin á vía administrativa:

a) Recurso potestativo de reposición

b) Recurso contencioso administrativo

c) Recurso de alzada

26.- Que artigo da Lei 7/1985 regula as materias nas que os municipios exercerán competencias nos termos da lexislación estatal e autonómica?

a) O artigo 1

b) O artigo 25

c) O artigo 28

27.- En que regulamento se establece o réxime de organización e funcionamento das entidades locais?

a) No regulamento de bens

b) No Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril

c) No Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro

28.- Que lei estatal regula os dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais?

a) A Lei 7/2007

b) A Lei 30/1984

c) A Lei 7/1985

29.- A quen corresponde o goberno e a administración municipal en municipios que non funcionan en réxime de concello aberto?

a) Ao concello, integrado polo alcalde e os concelleiros

b) Ao Pleno

c) Ao pobo

30.- Que órganos existen en tódolos concellos?

a) A Xunta de Goberno Local e as comisión informativas

b) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno

c) A comisión especial de suxerencias e reclamacións

Vimianzo, a 16 de xullo de 2015

Sinatura